

FIRMAS

MANIFESTO ADHESIÓN COMITÉS DE EMPRESA

Os/as que abaixo asinan, Comité de Empresa de
DISTRITO SANITARIO DE O BARCO DE VALDEORRAS

Apoiamos a manifestación que as centrais sindicais Confederación Intersindical Galega (CIG), Sindicato Nacional de CCOO de Galicia (S. N. de CCOO Galicia) e Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia) teñen convocada para o próximo sábado, 27 de marzo, con saída ás 12 horas da Delegación do Goberno en Galicia, na cidade da Coruña, baixo o lema «EN ALU IBÉRICA, NA DEFENSA DO EMPREGO, POR UN FUTURO INDUSTRIAL E CONTRA A REPRESIÓN SINDICAL».

A sucesión de despedimentos desde o mes de decembro na Sociedade Alu Ibérica, LC SL (antiga Alcoa A Coruña), primeiro, dunha traballadora ese mesmo mes, e logo, en febreiro, de catro representantes sindicais —o presidente e vicepresidente do comité de empresa, un membro dese comité e un delegado de sección sindical—, acredita un paso adiante na espiral de violencia empresarial, que busca, sen máis, o desmantelamento da factoría que o grupo Riesgo adquiriu mediante un proceso que hoxe está sendo investigado polo ministerio fiscal e a Audiencia Nacional.

Demandamos unha solución que garanta realmente a continuidade industrial e dos postos de traballo. A cinco meses do remate do prazo establecido nas condicións da venda da fábrica e de mantemento do emprego derivado da operación da venda por Alcoa, existe un risco clarísimo de desmantelamento e desaparición da fábrica, coa agravante de atopármonos nunha crise económica, derivada da crise sanitaria por mor da pandemia.

Polo exposto, manifestamos a nosa adhesión ao manifestado e a nosa disposición a actuar en protección das persoas que, por loitar para salvar o emprego e a industria do noso país, están sufrindo represalias.

CIG. SANTE O BARCO

En__O Barco de Valdeorras__, a 18 de marzo de 2021

SATSE O BARCO

**SERVICIO GALEGO DE SAÚDE
XUNTA DE PERSOAL
ÁREA O BARCO**

CSIF O BARCO.
SANIDAD.

UGT - HP Valdeorras.

S.A.E.
O BARCO

CCOO
O BARCO